

Os ganadores do Pura e Dora Vázquez reivindican o galego e o arte gráfico

Miguel Ascón

OURENSE | Pura Vázquez faleceu no ano 2006 e desde entón é a súa irmá Dora a única que acode anualmente á entrega dos premios que levan os seus nomes. Onte non puido ser. A idade no perdoa e, por primeira vez nos seis anos de vida do certame, ningunha das irmás puido entregar os galardóns. Os gañadores —Concha Blanco, en narrativa, e David Pintor, en ilustración— tiveron que conformarse co resto de autoridades presentes no acto, celebrado onte no salón de plenos da Deputación.

Ambos aproveitaron o seu discurso para mandar unha aperta a Dora Vázquez a través do seu fillo, Antonio Alejo Rodríguez, que a súa vez transmitiu a noraboa da súa nai ós premiados. Concha Blanco, mestra nada en Cee (A Coruña) e autora de unha trintena libros infantís, dixo que o galardón supoñía un acicate para o seu traballo.

«Espero que *Encontros ás agachadas* —a obra premiada— axude a crear lectores e que a lingua, na que está escrita a obra sexa valorada e respectada como lingua que é. Xa saben, primeiriño o noso e logo que veña o resto», afirmou Blanco. O premio foille concedido ao seu traballo polo seu «carácter futurista, cunha trama imaxinativa e cun linguaxe coloquial e



Os premiados (segunda e carto pola esquerda) amosáronse moi agradecidos coa distinción | FOTOS: PILI PROL

agradable». O xurado tamén fixo unha mención especial ó texto presentado por Xesús Manuel Marcos López.

Pola súa banda, David Pintor —coruñés e debuxante na parella de humoristas gráficos Pinto & Chinto— definiu o Pura e Dora Vázquez como «o premio máis importante de Galicia no seu xénero» e destacou que o galardón sexa compartido co autor narrativo, «en pé de igualdade», dixo. No seu caso o xurado fixouse «na súa calidade artística e plástica e na súa idoneidade para ilustrar un libro destinado a público infantil».

LAS FRASES



Concha Blanco

GANADORA NO APARTADO DE NARRACIÓN

«O certame é máis singular que outro concurso calquera. A miña noraboa e felicitación por potenciar con tal estratexia o hábito lector na xente miúda.»



David Pintor

GANADOR NO APARTADO DE ILUSTRACIÓN

«Gústame este premio por representar algo polo que os ilustradores levamos moito tempo loitando, a dignificación do oficio do ilustrador.»